

## EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 7, 40-53

Naquel tempo, cando oíron a Xesús, algúns de entre a xente, dicían:

– «Este é verdadeiramente o Profeta».

Outros:

– «Este é o Mesías».

Outros, en cambio, dicían:

– «Pero ¿é que o Mesías vai vir da Galilea? ¿Non di a Escritura que o Mesías ha vir da semente de David, e de Belén, a vila de onde era David?»

E houbo división no pobo, por causa del. Algúns queríanlo prender, pero ninguén lle puxo enriba as mans.

Foron entón os gardas onda os xefes dos sacerdotes e os fariseos. Eles preguntáronlles:

– «¿Por que non o trouxestes?»

Responderon os gardas:

– «Nunca ninguén falou así coma este home.»

Respondéronlles os fariseos:

– «¿Seica vos engaiolou tamén a vós? ¿Vistes que algún dos maxistrados ou dos fariseos crese nel? Non. E a xente esa, que non coñece a Lei, son uns malditos.»

Un deles, Nicodemo, o que fora primeiro onda el, dixo:

– «¿Desde cando a nosa Lei xulga un home sen antes escoitalo e investigar o que fixo?»

Respondéronlle:

– «¿Tamén ti es da Galilea? Pois estuda e verás como da Galilea non sae profeta ningún.»

E fóronse cada un para a súa casa.